POPULARES do Carballiño

Rúa Cánovas del Castilo 2 – 1º, 32500 O Carballiño
ppcarballino@gmail.com - www.ppcarballino.es
Tlf.fax. 988 27 46 07 - 606 25 43 97

MOCIÓN DE REXEITAMENTO Á PRANTA DE INCINERACION DE NEUMÁTICOS NO CONCELLO DE MASIDE.

D. ARGIMIRO MANROTES FERNANDEZ , como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular do Carballiño, ó amparo do disposto no artigo 94 do Regulamento Orgánico Municipal e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, somete ó Pleno da Corporación Municipal para a súa consideración se procede, a presente **MOCION Ó PLENO** que deberá de incluirse expresamente como punto do orden do día da primeira sesión que se convoque

Exposición de Motivos

Na actualidade está en debate no Concello colindante ao Carballiño, no Concello de Maside, a posible instalación dunha pranta de incineración de neumáticos usados nun terreo de uso rústico e que ademáis é mancomunado.

O Concello do Carballiño, sempre estivo atento a calqueira tipo de iniciativas de transformación de material denomidado residuo en calqueira das súas modalidades e que se pretenderan ubicar, xa non só no noso pobo, senón que tamén na nosa comarca e incluso algunha vez en comarcas limítrofes.

De feito, en Pleno do 1 de setembro de 2010, o Concello do Carballiño, ao respecto dunha pranta de compostaxe que se ubicaría no Concello de Cea acordou por unanimidade o seguinte:

1.- solicitar ao Concello de Cea a inmediata e definitiva paralización tanto das obras como do transporte do lixo que está a conveter a zona nun vertedeiro ilegal.

2.- A intervención das autoridades tanto das Consellerías de medio ambiente como Medio Rural e Sanidade ara que elaboren as súas correspondentes avaliacións e informes ao tratasrse dunha problemática que está por riba, ao noso entender, das competencias municipais.

Xa non digamos o aprobado en pleno do 5 de xaneiro de 2012, cando dende O Carballiño e tamén de forma unánime tomouse o seguinte acordo respecto da pranta incineradora no Irixo tal como sigue:

1.-Manifestar a oposición do Concello do Carballiño á nova planta de tratamento de residuos no Sur de Galicia na actual ubicación que se fixou pola empresa ESTELA EOLICA no Concello do Irixo.

2.- O Concello do Carballiño aposta pola implantación da compostaxe, a redución, a reciclaxe e reutilización como base do sistema de tratamento de residuos e a minorización de incineración ata conseguir a súa desaparición.

3.-Comunicar os anteriores acordos ao concello do Irixo, a Xunta rectora do monte comunal de Menaz, Orosa, Filgueira e Casares, a Xunta de Galicia, á empresa ESTELA EOLICA, e aos restantes concellos da comarca.

4.- Crear unha comisión de seguimento, integrada polo alcalde, o concelleiro de medio ambiente, un concelleiro do PSOE e un concelleiro do BNG, resolvendo os empates o voto de calidade do

POPULARES do Carballiño

Rúa Cánovas del Castilo 2 – 1º, 32500 O Carballiño
ppcarballino@gmail.com - www.ppcarballino.es
Tlf.fax. 988 27 46 07 - 606 25 43 97

alcalde, deste proxecto para que o concello se presente nas actuacións oportunas que considere necesarias e que sexan precisas, e se fora necesario, facer encargo dos traballos técnicos."

5.-Trasladar a deputación este acordo do pleno do Carballiño, para que conste a oposición deste concello a este proxecto, e que sexa trasladado en pleno.

Con estes antecedentes, queda máis que xustificada a aposta do Carballiño por evitar na medida do posible calqueira actividade que se poida considerar contaminante, nociva ou perigrosa, tanto no noso Concello como noutros colindantes, cando ademáis non se ubican no seu espazo urbanístico lóxico como pode ser unha área empresarial, onde esixencias correctoras están presentes para estas actividades.

Estamos a falar dunha instalación que se pretende facer nun terreo rústico, no que, con independencia da súa titularidade, xa que se trata dun monte en man común, é unha actividade fora das permitidas na actual lexislación.

Non se debe de esquecer o que xa está a acontecer coa instalación de certas actividades na nosa comarca e a repercusión que para o noso concello teñen, pois sen ir máis lonxe, e tamén no Concello de Maside existe unha pranta de gasificación da que a responsabilidade do protocolo de seguridade, pasa a ser do grupo de protección Civil do Carballiño, e para esto, que significa moita responsabilidade, non se recibe nin un só euro dese Concello.

Entendemos que a sensibilidade mostrada por este Concello, tanto no ano 2010, coa pranta de compostaxe en Cea ou no 2012 coa pranta de incineración no Irixo, é a mesma, ou polo menos debe de ser a mesma.

E polo que se pon a disposición do pleno do Concello do Carballiño os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Manifestar a oposición do Concello do Carballiño á instalación que se pretende ubicar no Concello de Maside para o reciclaxe de neumáticos.

SEGUNDO: Comunicar o anterior acordo ao Concello de Maside, a Xunta rectora do monte veciñal en man común de Bouzas, e aos restantes Concellos da comarca.

TERCERO: Crear unha comisión de seguimento deste proxecto, integrada polo alcalde, a concelleira de medio ambiente, un concelleiro/a do PP e un concelleiro do BNG, e un concelleiro de Alternativa veciñal, para que o concello do Carballiño se presente nas actuacións oportunas que considere necesarias e que sexan precisas, e se fora necesario, facer encargo dos traballos técnicos oportunos."

En O Carballiño a 19 de Febreiro de 2016

Asdo: D. Argimiro Marnotes Fernández

Portavoz do Grupo municipal do Partido Popular

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DO CARBALLIÑO